

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE MARZO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaoto de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 11 de marzo de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acordouse conceder licenza de municipal de instalación dunha residencia da terceira idade, e de licenza de obras de reforma interior e adecuación do edificio existente con licenza de ampliación número 141/84, sito na rúa San Roque, número 54.

Así mesmo, acordouse conceder licenza de instalación da actividade de taller de mantemento e reparación de pequena maquinaria de obra, con acceso de vehículos para carga e descarga, na rúa Santo Graal, número 82 - baixo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse conceder licenza para as seguintes actuacións:

- Obras de mellora e resolución de problemas de instalación de saneamento e cubertas, illamento, habilitación de rampla de acceso no edificio existente "IES Mercedes" na avda. de Madrid, 75.
- Reforma en plantas 4ª e baixo cuberta, no edificio con licenza número 1349/06 sito na rúa Armórica, números 74-82.

- Modificación de edificio con licenza número 1122/05, sito na rúa san Roque, números 14-16-18-20.
- Reconstrución do muro de contención de terras do cemiterio de Sn Lázaro da Ponte, sito na Ponte-San Lázaro.
- Adecuación de semisoto para garaxe aparcadoiro (seis prazas), arquivo e almacén, planta baixa e planta primeira para oficinas, no edificio con licenzas números 743/96, 190/04 e 191/04, sito na rúa Músico Xosé Castiñeira.

Así mesmo, acordouse denegar as licenzas solicitadas para desmontaxe e posterior reconstrución de cuberta a outra altura no edificio existente con licenza anterior número 1.298/01, sito na rúa dos Paxariños, número 6 e para a construción de edificio na avda. Coruña, 421, 423, e rúa Margarida, respectivamente.

Acordouse conceder as seguintes licenzas de primeira utilización: para o edificio sito na rúa Atalaia, número 5-esquina rúa Rei Chiquito, número 94, amparada nas licenzas municipais 79/2006 e 667/2006, e para o edificio sito na rúa Armando Durán, números 38-40, e rúa Garañón, s/n, amparada nas licenzas municipais nº 864/1999 e 1069/2000.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acordouse aprobar as bases e convocatoria de proceso selectivo para a cobertura interina dunha praza de coordinador/a de accións formativas, para a execución do proxecto “LUGO, EMPREGO ACTIVO”.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acordouse aprobar a adxudicación provisional das seguintes contratacións:

- Contratación do servizo de mantemento e conservación integral das áreas de xogo infantís existentes nos parques, xardíns e zonas verdes públicas municipais da cidade de Lugo.
- Contratación da execución das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas deportivas municipais.

- Contratación da subministración e instalación de xogos infantís e pavimento continuo de seguridade no xardín do camiño de Romai no concello de Lugo.
- Contratación da obra de mellora na seguridade viaria en Lugo.

ÁREA DE MULLER E BENESTAR SOCIAL

5. SERVIZOS SOCIAIS.- Acordouse aprobar o proxecto de modificación parcial da actual Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Lugo.

ÁREA DE ALCALDÍA

6. ASESORÍA XURÍDICA.- Acordouse resolver o procedemento disciplinario incoado contra un funcionario municipal.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acordouse resolver o expediente disciplinario incoado contra un funcionario municipal.
- Adxudicouse provisionamente a contratación da redacción de proxecto e dirección de obra dun edificio dotacional destinado á Policía Local e Protección Civil sito en San Fiz, na parcela 10 B do quinceiro A do plan parcial de ordenación do Sector Sur K.
- Encargouse a intervención de EVISLUSA na inspección técnica de edificios de propiedade municipal.

Lugo, 20 de marzo de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García